

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 18 DE XUÑO DE 2009.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e dez minutos do día dezaioito de xuño do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo e D^a. Angeles Díaz Prados. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS (PAC-1).

Visto o acordo acadado polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña en data 27 de marzo de 2009, no que se aproban as bases reguladoras do Plan provincial de axudas contra a crise destinada á financiación dos gastos correntes dos concellos. PAC1-, e tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro de facenda e patrimonio en data 17.06.09, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Participar no “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos 2009 (PAC-1)” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar a deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para o financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2009 que figuran na estimación realizada pola intervención do concello, que se xunta como anexo.

CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA DOUTRAS ADMINISTRACIONES
MUGARDOS	1.508.676,08 €	1.229.045,88 €	279.630,20 €

2.- Declarar que as subvencións que ten previstas o concello para contribuír ao financiamento destes gastos é a seguinte:

SERVIZO	TIPO	CLASE	IMPORTE	ORGANISMO
Protección Civil	Gasto corrente	Mantemento	5.536,73	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Persoal	Plan Concertado	182.956,53	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Persoal	Psicóloga	12.060,00	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Persoal	Atención Primaria	18.384,11	Deputación Provincial
Servizos Sociais	Gasto corrente	Muller	1.500,00	Xunta de Galicia
Servizos Sociais	Gasto corrente	Escola infantil	29.193,07	Xunta de Galicia

Servizos Sociais	Gasto corrente	Terceira idade	19.999,80	Deputación Provincial
Servizos Sociais	Gasto corrente	Igualdade	9.999,96	Deputación Provincial
TOTAL.....			279.630,20	

3.- Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

2.- PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2)

Visto o acordo acadado polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña en data 27 de marzo de 2009, no que se aproban as bases reguladoras do Plan provincial de axudas contra a crise destinada á financiación dos gastos de reposición dos concellos. PAC1-, tendo en conta o ditame da comisión informativa de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, por unanimidade acorda:

1.- Participar no “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e solicitar aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Financiamento de novas actuacións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
ACONDICIONAMENTO E REPARACION DE CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE.	74.637,60 €	0 €	74.637,60 €
TOTAL	74.637,60 €	0 €	74.637,60 €

2.- Aprobar o correspondente proxecto técnico “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE” redactado polo Enxeñeiro de Camiños D. Marcelino López Méndez colexiado nº 7.351 en data xuño de 2009 cun presuposto de execución por contrata de 74.637,60 €

3.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4.- Declarar que o concello non solicitou ni percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

5.- Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- **D. JAVIER PÉREZ VILAR (EXPTE. 54/2009) segundo solicitude de data 20 de abril de 2009**, para columna de contador da auga, en Avda. Bello Piñeiro nº 42, referencia catastral: 4319006NJ6141N.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

Situarse na liña das beirarrúas existentes, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Terá unha altura total de 1,50 metros.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **D. JUAN FRANCISCO VASCÓS MARTÍNEZ en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DE R/ROSALIA DE CASTRO, Nº 5 (EXPTE. 50/2009) segundo solicitude de data 15 de abril de 2009**, para cambio de tuberías de auga, en R/ Rosalía de Castro nº 5, referencia catastral: 9925002NJ5192N. Unha vez depositada fianza na Tesourería Municipal en data 29.05.2009 polo importe de 528 € para garantir as obras de urbanización

A parcela na que se atopa o edificio está cualificada como Solo Urbano Denso (SU-D) polo PXOM.

As obras consistirán na reposición de tuberías de auga (xeral e acometida).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- **D. MIGUEL DOMINGO RODRÍGUEZ RUZO en representación de EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. (EXPTE. 3B/2009) segundo solicitude de data 9 de xaneiro de 2009**, para instalación de guindastre-torre, no Peirao de Mugardos, referencia catastral: Deslinde.

Deberán de realizarse as revisións periódicas do apartado 10 da ITC MIE-AME 2.

Segundo o artigo 57 do PXOM, valarase o contorno cunha altura de 2 metros, en todo o perímetro do guindastre.

Todos os danos observados na vía pública a consecuencia das obras ou almacenamento deberán ser reparados polo propietario no prazo máximo de 1 mes unha vez rematada a obra.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 36 meses.

- Dna. MARÍA DE LOS ÁNGELES ROMERO ABELEDO (EXPTE. 41/2009) segundo solicitude de data 27 de marzo de 2009, para as seguintes obras:

- o 370 m² de pintura.
- o 7 ml. de baixantes.
- o 100 m² de beirarrúa.
- o 31 ml. de canalón.

As obras realizaranse en Boado nº 4, referencia catastral: 3916003NJ6131N.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. MAXIMINA CORDERO GÓMEZ (EXPTE. 59/2009) segundo solicitude de data 27 de abril de 2009, para reparación de cobertizos, en Camiño Grande nº 34, referencia catastral: 4600006NJ6049N.

A parcela na que se atopan os cobertizos está cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

A obra consistirá na reparación do tellado dos cobertizos, reutilizando materiais do alpendre que fixo na parcela de referencia catastral: 4700007NJ6140S, para o que se denegou a licenza e hai aberto expediente de reposición da legalidade urbanística.

Os cobertizos a reparar son construcións fóra de ordenación por non axustarse ao artigo 312 do PXOM.

A obra que se pretende realizar enténdese no marco das obras de conservación e mantemento admisibles en edificios fóra de ordenación (art. 49.1 do PXOM).

Deberá rematar a cuberta con tella curva.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- D. TOMÁS GARCÍA MONTEAGUDO en representación de Dna. MARÍA JESÚS CAPARRÓS BARRO (EXPTE. 56/2009) segundo solicitude de data 21 de abril de 2009, para obra de pintado de fachada, en Avda. do Seixo nº 74, referencia catastral: 3620009NJ6132S.

A parcela na que se atopa a vivenda unifamiliar está cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) polo PXOM.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- JESÚS CRIADO RODRÍGUEZ Y OTROS S.C. en representación de D. JUAN ROCHA ROMAUS (EXPTE. 57/2009) segundo solicitude de data 21 de abril de 2009, para

cambio de tella plana por tella curva, recebado de aleiro e recebado de fachadas, en R/ Alexandre Bóveda nº 9, referencia catastral: 0527309NJ6102N.

A parcela na que se atopa o edificio está cualificada como Solo Urbano Denso (SU-D) polo PXOM.

A obra non suporá incremento de volume nin cambio de estrutura, e de acordo co art. 50 do PXOM, deberán pintarse as fachadas, medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, ou ben aplicar outro material de remate.

De precisarse a colocación de andamios na vía pública, deberá solicitar a correspondente licenza de ocupación da vía pública, achegando estudio de seguridade e saúde de montaxe e desmontaxe de andamios e nomeamento oficial de coordinador de seguridade e saúde.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- Dna. FELICIANA MALO FRAGA (EXPTE. 60/2009) segundo solicitude de data 27 de abril de 2009, para colocación de tella do país sobre plancha ondulada de fibrocemento existente, en Avda. de Galicia nº 70, referencia catastral: 0423001NJ6102S.

A actuación será nunha superficie de aproximadamente 80 m².

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. GASPAR SILVA SANJUÁN en representación de Dna. ÁNGELES SANJUÁN LÓPEZ (EXPTE. 64/2009) segundo solicitude de data 4 de maio de 2009, para legalización de un anexo de instalacións (adega) de 11 m² totais construídos a servizo da vivenda, en R/ Xuncedo nº 6, referencia catastral: 3717004NJ6131S.

Non terá máis de 2 metros de altura e non terá servizos hixiénicos; separará 3 metros de calquera lindeiro.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

- Dna. ADELINA AUGUSTA RÍO FERREIRA (EXPTE. 66/2009) segundo solicitude de data 11 de maio de 2009, para picado e enfoscado de paredes e unha vez rematada esta obra o pintado de fachadas, en Franxa de Abaixo nº 8, referencia catastral: 3100805NJ6131S.

A parcela na que se atopa a construción está cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

A obra prevista descríbese como “*picado e enfoscado de paredes exteriores con morteiro de recebo*”. Na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (art. 104) indícase que as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, co emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan, así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida á integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Esta licenza repite unha anterior para a mesma obra (expte. 102/08), para a que tamén se concedeu unha prórroga, e que non se executou.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- **D. MIGUEL ÁNGEL DÍAZ VILAR (EXPTE. 61/2009), segundo solicitude de data 28 de abril de 2009**, para construción de peche, en R/ Os Casás nº 42 A, con referencia catastral: 0916019NJ6101N.

O peche terá 17,25 m. de lonxitude e unha altura total de 1,50 m.; será de bloque e reixa.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 m. de altura. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de aramios, nin os remates agudos.

O peche irá aliñación coa fachada do edificio e situarase a 6 metros do eixo da vía, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **D. PEDRO ANTONIO RIVERA IGLESIAS (EXPTE. 49/2009), segundo solicitude de data 15 de abril de 2009**, para construción de peche, en A Cañota nº 10, con referencia catastral: 1620028NJ6111N.

O peche será de reixa e terá 40 m. de lonxitude e unha altura total de 1,50 m.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 m. de altura. (Dacordo ao artigo 42.1.c) Lei 9/2002).

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de aramios, nin os remates agudos.

Distará do eixo do SERVENTÍO 2 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

C) VIABILIDADE DA SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS DE D. PEDRO CORTIZAS DÍAZ EN REPRESENTACIÓN DE ESTUDIO DE ARQUITECTURA Y URBANISMO XCALE S.L.L. PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIO SITO EN CANTÓN DE CORA Nº 4, EN APLICACIÓN DO ARTIGO 49 DO P.X.O.M. (EXPTE. 85/08)

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe desfavorable da arquitecta municipal de data 12.05.2009, obrante no expediente, por unanimidade acorda declarar a non viabilidade da seguinte solicitude de licenza de obras:

- **D. PEDRO CORTIZAS DÍAZ en representación de ESTUDIO DE ARQUITECTURA Y URBANISMO XCALE S.L.L. (EXPTE. 85/2008) segundo solicitude de data 14 de abril de 2008**, para rehabilitación de edificio para 7 vivendas e

trasteiros, sito en Cantón de Cora nº 4, referencia catastral: 0125402NJ6102N, segundo proxecto básico redactado pola arquitecta Dna. María Julia Cortizas Díaz visado polo COAG en data 07.04.2008, polos seguintes motivos:

1. A parcela onde se atopa a vivenda está cualificada polo PXOM como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA).
2. A finalidade da licenza é a rehabilitación dun edificio de S+B+3+BC e 12 m. de altura (medidos entre a cara inferior do forxado da última planta e a rasante da beirarrúa) para sete vivendas e trasteiros.
3. O edificio está fóra de ordenación pola altura tanto en metros (máximo 10 m.) como en número de plantas (B+2).
4. O proxecto básico presentado ten o carácter de expediente das condicións do fóra de ordenación e incorpora a documentación necesaria para clarificar a situación actual do inmovible e as obras que se pretenden realizar, para obter o informe técnico do concello (art. 49 do PXOM).
5. O proxecto básico propón a rehabilitación do edificio con reestruturación, logo do baleiramento da edificación (demolición interior completa). A rehabilitación altera ademais a fachada posterior do edificio ao eliminar o patio traseiro, con parte da fachada.
6. Excede das obras permitidas en edificios fóra de ordenación, art. 49.3 do PXOM: *“49.3_ Permitiranse obras parciais de consolidación ou de nova planta, cando non estivese prevista a expropiación, demolición do inmovible ou erradicación do uso nun prazo de quince anos, computables dende a data en que se pretendese realizalas”*.
7. Enténdese que as *“obras parciais de consolidación”* son obras encamiñadas á conservación e mantemento que implican a substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural con aportación de elementos novos con deseño ou natureza igual ou diferente aos substituídos pero respectando a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente dos edificios. O baleirado do edificio implica unha reestruturación, diferente da consolidación, e non impide adecuar o edificio ao planeamento, eliminando as causas do fóra de ordenación (neste caso, unha planta).
8. Unha intervención admisible no edificio, mantendo as causas do fóra de ordenación, consistirá nunha rehabilitación sen reestruturación interior completa, aínda que si pode ser parcial (núcleo de escaleiras) sempre que se consolide o resto da estrutura horizontal e vertical e non se altere a composición da envolvente do edificio (fachadas e cubertas). Sobre este último punto, súxírese a conservación do remate do edificio e o deseño dunha carpintería máis acorde á orixinal e característica nos edificios da época.

D) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:

Tendo en conta a resolución da autorización autonómica remitida pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (N.R.E. 2.853/05.06.2009), en relación coa solicitude de licenza de obras a

instancia de Camilo Ares S.L., para nivelación de finca para uso forestal na parcela sita en As Lagoas, referencia catastral: Polígono 12, Parcelas 218 e 221,) na que se resolve:

“Denegar a CAMILO ARES S.L., a autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico para a nivelación dunha finca no lugar de O Vilar- A Telleira, parroquia de Franxa, no concello de Mugaros, conforme aos fundamentos e consideracións expostos anteriormente”.

Tendo en conta, así mesmo, o informe emitido pola arquitecta municipal en data 08.06.2009, no que en síntese, se conclúe que procede denegar a licenza solicitada, así como a proposta formulada polo concelleiro de urbanismo e industria en data 29.05.09, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Denegar a seguinte licenza de obras:

- D. CAMILO ARES PÉREZ en representación de CAMILO ARES S.L. (EXPTE. 157/2007) segundo solicitude de data 13 de xullo de 2007, para nivelación de finca para uso forestal, no Lugar da Telleira, referencia catastral: Polígono 12, Parcelas 218 e 221, por non obter a autorización autonómica da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.”

Segundo.- Comunicarlle a adopción do acordo, tanto autonómico como municipal, á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, na que existe un expediente de reposición da legalidade aberto.

E) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DENEGADA:

Tendo en conta o informe desfavorable emitido pola arquitecta técnica municipal, en data 02.04.2009, e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia ao interesado por este non se ten presentado ningunha alegación, á Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda denegar a seguinte solicitude de prórroga para inicio das obras:

- D. J. GERARDO ADELANTADO LEÓN (N.R.E. 817/17.02.2009), para construción de peche de finca, en Avda. do Seixo, referencia catastral: 3522027NJ6132S, ao abeiro da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 22.08.2008 (Expte. 132/2008), debido a que ten un prazo de 18 meses que non transcorreron e polo tanto, falta moito tempo para a caducidade da licenza.

E) LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

- D. TOMÁS GARCÍA MONTEAGUDO en representación de D. CARLOS IGLESIAS VÁZQUEZ (EXPTE. 9/2009) segundo solicitude de data 15 de xaneiro de 2009, para construción de vivenda unifamiliar illada, en R/ Areosa s/n, referencia catastral: 1116003NJ6111N, segundo proxecto básico e de execución visado polo COAG en data 13.01.2009, redactado polo arquitecto D. Tomás García Monteagudo e planos U 01, U 02 e A 04 visados polo COAG en data 16.02.2009.

O solo onde está situado ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural.

A finalidade da licenza é a construción dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMA
Parcela mínima	1.449,00 m ²	300 m ²
Fachada mínima	21,63 m.	6 m.
Aliñacións	Cumpre	Plano
Lindeiros	3 m.	3 m. / ados.
Ocupación parcela	21,26 %	50 %
Altura	3,82 m.	7,00 m.
Edificabilidade	0,21 m ² /m ²	1 m ² /m ²
Cuberta	Cumpre	Art. 84

A urbanización atópase xa executada.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 142.800,00 €

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactore do proxecto D. Tomás García Monteagudo, e o arquitecto técnico director da execución é D. Jorge Durán Panceiras.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

- D. VICTOR MENÉNDEZ GÓMEZ (EXPTE. 47/2009) segundo solicitude de data 14 de abril de 2009, para rehabilitación de vivenda unifamiliar, en Avda. do Seixo nº 32, referencia catastral: 3717024NJ6131N, segundo proxecto básico visado polo COAG en data 31.03.2009, redactado polos arquitectos Dna. Victoria Alonso Caeiro, D. Pedro Garat Caramé e D. Antonio García-Lastra Núñez.

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A finalidade da licenza é a rehabilitación dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar.

Non existe urbanización por atoparse esta xa executada.

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMA
Parcela mínima	423,00 m ²	400 m ²
Fachada mínima	Existente (11,22 m.)	12 m. fachada
Aliñacións	0,00 m.	10 m. máximo
Lindeiros	Existente (0 m.)	2 m.
Ocupación parcela	23,40 %	50 %
Altura	7,00 m.	7,00 m.
Edificabilidade	0,48 m ² /m ²	0,50 m ² /m ²

Cuberta	Cumpre	Art. 84
---------	--------	---------

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 100.180,00 €

Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto Dña. Victoria Alonso Caeiro, D. Pedro Garat Caramé e D. Antonio García-Lastra Núñez, e o arquitecto técnico director da execución está sen nomear.

Prazo de inicio: 3 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Previo ao inicio das obras deberá obter o preceptivo permiso de inicio das obras para o que deberá presentar o proxecto de execución e proxecto de infraestruturas da edificación asinados por técnicos competentes e visados polos correspondentes colexios profesionais así como aportar o nomeamento de arquitecto técnico director das obras.

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE “ELABORACIÓN DUN PLAN DIRECTOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN” PARA O CONCELLO DE MUGARDOS”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar a súa aprobación á proposta de contratación formulada pola alcaldía en data 04.06.09, obrante no expediente, e que copiada literalmente di:

“Por Resolución da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información o Director Xeral de Urbanismo concedeuse unha subvención por importe de 43.732,00 € para a execución dos traballos de elaboración dun plan director da sociedade da información para o concello de Mugardos.

Unha vez elaborado o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da elaboración dos traballos citados, así como o prego de prescricións técnicas, faise necesario procederá á súa contratación.

Visto o anterior, e visto o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a necesidade de contratación dos traballos de elaboración dun plan director da sociedade da información para o concello de Mugardos polos motivos que constan no prego de cláusulas particulares.

2.- Aprobación do expediente de contratación do contrato de prestación de servizos de elaboración do plan director, e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado, e aprobar o gasto, con cargo á partida 2009.0.322.0.22706 do orzamento vixente.

3.- Prestar aprobación ao PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA ELABORACION DUN PLAN DIRECTOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN PARA O CONCELLO DE MUGARDOS”, por procedemento negociado sin publicidade mediante varios criterios de adxudicación, e o” PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS”, según texto obrante no expediente, procedemento de contratación que se elixe por consideralo o máis adecuado para o obxecto do contrato.”

5.- APROBACIÓN DO GASTO

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Proveedor e Concepto	Importe
797	97	2009.0.441.0.62706	CONCIFA, S.L. OBRAS COMPLEMENTARIAS SANEAMENTO CAMIÑO FRANCES	7.365,32 €
912	MG 04/2009	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO S.P ATENCION A PRIMEIRA INFANCIA, GARDERIA AS LAGOAS, ABRIL	5.995,47 €
945	320213033 0	2009.0.121.0.22400	AON GIL Y CARVAJAL, S.A. RENOVACION POLIZA 078001800178049,DANOS INMOBLES, 07.05.2009/07.05.2010	5.772,24 €
987	6	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 4/2009	8.825,13 €
988	2/2009	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 3/2009	4.640,00 €
989	87/2009	2009.0.313.0.22604	OIHULARI ESPECTACULO ENCANDADAS, DIA 29.05.09 EN O SEIXO, XORNADAS IGUALDADE	3.132,00 €
990	1454	2009.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMIENTO RU PLANTA DE NARON, MES MAIO	9.514,89 €
991	1576	2009.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITORES ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, XIMNASIA, TAICHI, TIRO, IOGA, PATINAXE, TENIS E FUTBOL, MES MAIO	3.306,84 €

992	1575	2009.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS CULTURAI S MUNICIPALIS, INFORMÁTICA, PINTURA E MÚSICA, MES .MAIO	7.254,07 €
993	300409	2009.0.432.0.22100	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO,10.02/06.04.2009	16.339,79 €
994	139	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO, ABRIL	3.060,29 €
996	96	2009.0.441.0.63701	CONCIFA, S.L. OBRAS COMPL. RENOVACION REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA AVDA. GALICIA	4.448,14 €

6.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 11 das obras de “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, das que é adxudicatario D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L., por importe de OITENTA E UNHA MIL SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (81.796,54 €), con cargo á partida 2009.1.452.0.62200 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Remitir o presente acordo e a citada certificación á Excm. Deputación Provincial - Sección Patrimonio e Contratación - aos efectos da xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e os Concellos de Mugardos e Ares para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución da piscina cuberta climatizada compartida Ares-Mugardos (Nº. 320/2006).

3º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ares para o seu coñecemento e efectos.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE